

Procedemento: Selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato laboral temporal en réxime de interinidade, dun posto de xastre/a (ED.A19.40.901.15001.080)

Asunto: resolución de elevación a definitiva da proposta do Tribunal de selección

O Tribunal de selección nomeado mediante Resolución, do 21.11.2023, da persoa que ostenta a titularidade da Dirección de Agadic, conforme ao previsto no artigo 11 do vixente Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia, para cualificar o proceso de selección para a contratación mediante relación laboral temporal en réxime de interinidade, en sesión que tivo lugar o 07.02.2024, logo de comprobar a adecuación da documentación achegada para a contratación da persoa candidata con maior puntuación obtida na baremación de méritos alegados, en aplicación do disposto no artigo 12.1 do V Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia, acordou dar por concluído este proceso selectivo e propoñer a contratación de María Mercedes Veites Pérez, co NIF ***3709**, para a cobertura temporal do posto de xastre/a, grupo IV, categoría 24, código de posto ED.A19.40.901.15001.080.

Recibida a devandita proposta,

RESOLVO

Eleva a definitiva, publicar esta resolución na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais (www.industriasculturais.gal) e ordenar aos servizos administrativos competentes a tramitación da contratación temporal de María Mercedes Veites Pérez, co NIF ***3709**, para a cobertura temporal do posto de xastre/a, grupo IV, categoría 24, código de posto ED.A19.40.901.15001.080.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Dirección da Agadic, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Axencia, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, ou recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, o 12 de febreiro de 2024

O director da Axencia Galega das Industrias Culturais
Jacobo Sutil Nesta